

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 4 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións a persoas físicas e xurídicas titulares de autorizacións de transporte público por estrada para o fomento das condicións de seguranza e da incorporación de novas tecnoloxías e melloras ambientais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

A calidade na xestión das empresas de transporte, a seguranza laboral e do tráfico e a redución dos prexuízos ambientais son obxectivos primordiais en toda política pública por canto redundan en beneficio dos propios traballadores e aínda no conxunto da cidadanía. Igualmente, as ditas medidas, como elementos básicos para a competitividade económica, constitúen unha peza clave no apoio que os sectores públicos deben ofrecer ao sector produtivo, fundamentalmente ante conxunturas adversas como a que na actualidade atravesamos a economía española. Isto é o que leva o goberno galego a manter unha liña de axudas prevista xa en anos anteriores, en termos semellantes aos das convocatorias previas e, por tanto, esperables polo sector.

Así, nesta orde potencianse aquelas medidas que contribúan á mellora da seguranza de viaria e á redución da accidentalidade e do número de vítimas na estrada. Xunto ao mantemento de liñas xa previstas noutras convocatorias, como as referidas aos sistemas de control de frota e localización por satélite, incídese especialmente en actuacións que ata o de agora non foron especialmente demandadas, tales como a promoción da instalación de cintos de seguranza en todos os asentos de vehículos adscritos a autorizacións VD, en consonancia coas campañas de sensibilización que para o seu emprego se teñen realizado outras administracións públicas.

Nesa mesma liña, tamén é unha preocupación constante a mellora e modernización do sector, polo que a incorporación paulatina das vantaxes que proporcionan as novas tecnoloxías debe ser un obxectivo prioritario. Neste senso, a implantación da sinatura dixital e o seu fomento nas relacións destes administrados cualificados coa administración, contribuirá á súa dinamización e eficiencia na relación cos clientes, e aínda coa administración pública e, por tanto, a unha progresiva eliminación de barreiras administrativas e á maior competitividade empresarial.

En consecuencia, esta consellería considera apropiado establecer unha liña de axudas co obxecto de impulsar no sector do transporte por estrada a consecución de todos eses obxectivos, contribuíndo así non só ao avance do devandito sector, senón tamén

á satisfacción do interese xeral de todos os cidadáns.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde contén as bases reguladoras aplicables para a concesión de subvencións destinadas a fomentar a seguranza, a incorporación de novas tecnoloxías e a aplicación de melloras ambientais no sector do transporte por estrada en Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

3. En concreto, consideraranse gastos subvencionables calquera dos seguintes:

a) Adquisición de ordenadores e demais material informático necesario para poder utilizar na empresa a sinatura dixital.

b) Aplicación ou renovación de sistemas de xestión da calidade ou ambientais, certificados de conformidade coas normas ISO, UNE 13816 ou EMAS.

c) Só para os transportistas autónomos, disposición do manual do condutor para a implantación das normas ISO no transporte por estrada.

d) Disposición de vehículos adaptados á normativa europea sobre emisión de gases contaminantes EURO4 ou superior.

e) Disposición de sistemas de control de frota con elementos de xestión, localización e control por satélite que estean conectados a un centro de control a través da tecnoloxía GPS-GPRS.

f) Aplicación de sistemas de prevención de riscos laborais.

g) Disposición de vehículos que fosen modificados para equipalos con cinto de seguranza en todos os asentos.

h) Disposición de vehículos que fosen modificados para adaptalos para o seu uso por persoas con mobilidade reducida. Para estes efectos, considerarase subvencionable unicamente a introdución no vehículo dalgún dos seguintes elementos: rampa de acceso, mecanismos de subida e baixada ou adaptación para cadeiras de rodas dos espazos interiores.

4. Aquelas autorizacións ou copias que xa fosen subvencionadas para o mesmo beneficiario polos motivos contidos nas letras c (manual do condutor), d (normativa Euro), e (sistemas de control de frota), g (vehículos equipados con cintos de seguranza en todos os asentos) e h (vehículos adaptados) consonte

a Orde do 27 de xullo de 2009 (DOG n.º 160, do 17 de agosto), non poderán optar ás axudas reguladas nesta orde por eses mesmos motivos, salvo que xustifiquen a realización dun novo investimento neses eidos. Porén, os subvencionados por calquera dos restantes motivos recollidos naquela normativa poderán acollerse de novo a eles para obter a subvención, presentando a documentación que para o efecto se especifica no artigo 7º.

5. O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia non competitiva, de acordo co previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando en todo caso o establecido no artigo 3º.2 desta orde.

#### Artigo 2º.-*Condicionantes.*

1. A través do motivo contido no artigo 1º.3 a) será subvencionable a adquisición dunha ou máis unidades dos equipamentos informáticos seguintes:

- Ordenador persoal, portátil ou de sobremesa.
- Escáner.
- Impresora.
- Lector de tarxetas.

En ningún caso se considerará subvencionable o custo dos programas asociados á instalación deses equipamentos nin ningún outro software, nin tampouco os gastos de instalación, mantemento, asistencia técnica ou similares.

A devandita adquisición poderá documentarse nunha ou en varias facturas, que, en todo caso, deberán estar emitidas entre o 19 de setembro de 2009 e a data de presentación da solicitude.

A subvención por este motivo será a que resulte de sumar o importe dos elementos subvencionados que consten nas facturas, excluído o IVE. Sen prexuízo do anterior, a contía máxima que pode percibir o beneficiario será a que corresponda segundo a clase de autorización e número de copias para as que se pida a axuda, de acordo cos criterios do artigo 5º

A través deste motivo será subvencionable unicamente a compra de equipamento informático, sen que sexan asimilables a esta fórmulas de arrendamento, arrendamento financeiro ou similares. Ademais, e en todo caso, a compra deberá ir acompañada da activación da sinatura dixital, o que se xustificará de acordo co previsto no artigo 7º.1.

2. Respecto da medida contida no artigo 1º.3 b) (aplicación ou renovación de sistemas de xestión de calidade ou ambientais, certificados de conformidade coas normas ISO, UNE 13816 ou EMAS), no caso de que se teña solicitado en convocatorias anteriores a subvención polo mesmo motivo en relación con un dos certificados subvencionables e se proceda a

solicitar a subvención na convocatoria actual polo mesmo motivo, considerarase repetición de motivo, aínda no suposto de que se pida por un certificado distinto ao que fose obxecto de subvención con anterioridade.

3. Para os efectos da medida contida no artigo 1º.3 c) (disposición do manual do condutor), entenderanse incluídas no concepto de traballador autónomo, única e exclusivamente, as persoas físicas que realicen de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa ou sociedade unha actividade económica ou profesional a título lucrativo. En ningún caso poderán resultar beneficiarios por este motivo subvencionable as persoas xurídicas.

Para poder recibir axuda por esta vía, o autónomo deberá pedir axuda como máximo para tres copias en total, incluídas as que se acollan a outros motivos.

4. Para os supostos previstos nas letras d (adaptación á normativa EURO), g (introdución de cintos de seguranza en todos os asentos) e h (adaptación para persoas con mobilidade reducida) do artigo 1.3º, a subvención só se concederá para aquelas copias ás que figuren adscritos os vehículos que cumpran as condicións subvencionables.

5. Para ter dereito á subvención polo motivo contido na letra e do artigo 1.3º (sistemas de control de frotas), é necesario que o solicitante adquirise o sistema e que sexa o seu titular. En ningún caso será subvencionable a disposición del a través de fórmulas de arrendamento financeiro, prestación por terceiras compañías ou similares.

6. Non obstante o previsto no artigo 4.2º a), os motivos subvencionables contidos nas letras g (introdución de cintos de seguridade en todos os asentos) e h (adaptación de vehículos para persoas con mobilidade reducida) do artigo 1.3º só serán aplicables a aqueles vehículos que estean adscritos a copias da clase VD. Ademais, non serán subvencionables aqueles vehículos que teñan incorporadas de serie as medidas expostas. Só poderán acceder á subvención polo motivo contido no artigo 1.3º e) (disposición de sistemas de control de frotas con elementos de xestión, localización e control por satélite que estean conectados a un centro de control a través da tecnoloxía GPS-GPRS) os solicitantes titulares de autorizacións MDP ou MDL.

7. Naquelas medidas que, consonte o artigo 7º, se xustifiquen mediante factura, a contía da subvención en ningún caso superará o importe desta, excluído o imposto sobre o valor engadido (IVE).

#### Artigo 3º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. A concesión destas axudas imputarase á aplicación orzamentaria 2010.07.05.512A.770.1 do orza-

mento de gastos da Xunta de Galicia para o ano 2010, por un importe máximo de nove millóns catrocentos cincuenta mil euros (9.450.000 euros). Non obstante, o importe indicado poderá ser ampliado se concorrer algún dos supostos previstos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este incremento queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

2. A concesión destas axudas queda condicionada á existencia de crédito orzamentario suficiente para poder afrontalas. En ningún caso poderán outorgarse subvencións por un montante superior ao da contía dispoñible na aplicación orzamentaria. Por iso, as contías das axudas que, logo dos cálculos pertinentes, a administración considere en principio adecuadas e, en consecuencia, susceptibles de outorgamento, poderán ser obxecto de redución, para que o seu importe total se axuste ás dispoñibilidades orzamentarias. Esta minoración efectuarase aplicando unha porcentaxe linear sobre o conxunto das axudas.

3. As subvencións concedidas de conformidade con esta orde serán compatibles con calquera outra axuda que para a mesma finalidade poidan obter os beneficiarios.

#### Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nesta orde, as persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade sexa o transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías.

2. Para ter dereito ás axudas os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritos no Rexistro Xeral de Transportistas do Ministerio de Fomento como titulares de autorizacións de transporte público das clases MDP, MDL ou VD, outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI). Para que xeren dereito á axuda, esas autorizacións deberán axustarse ao previsto no punto 3 deste artigo.

b) Acreditar o cumprimento de calquera das medidas previstas no artigo 1º.3 desta orde.

c) Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento de presentar a solicitude.

d) Ter o domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos desde o 1 de xaneiro de 2010, e mantelo ininterrompidamente ata o momento de presentación da solicitude.

3. Para acceder á subvención, e sen prexuízo dos demais requisitos que poidan resultar desta orde ou da normativa aplicable, as autorizacións axustaranse ás seguintes regras:

a) Unicamente se concederán axudas para aquelas tarxetas e copias das que sexa titular o interesado no momento de presentar a solicitude electrónica e que se inclúan nesta.

b) As copias de autorización para as cales se pida a axuda teñen que estar en vigor o día de presentación da solicitude electrónica, sen que en ningún caso poidan atoparse en situación de suspensión.

#### Artigo 5º.-Contía das axudas.

1. As axudas distribuiranse en función do número de copias das autorizacións de que sexa titular o interesado o día de presentación da solicitude electrónica.

2. O importe das axudas, segundo a clase de autorización e o número de copias de que dispoña a persoa solicitante, será o seguinte:

a) Por cada copia de autorización MDP, 820 euros.

b) Por cada copia de autorización MDL, 103 euros.

c) Por cada copia de autorización VD para a realización de transporte discrecional, 448 euros.

3. Esta axuda ten o carácter *de minimis* para os efectos do Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L379, do 28 de decembro de 2006). Por tal motivo, o importe máximo da axuda por beneficiario, xunto coa suma de calquera outra axuda de estado cualificada como *de minimis* que recibira no presente e máis nos dous últimos exercicios fiscais non superará a contía de 100.000 €.

#### Artigo 6º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das axudas deberá presentarse, de acordo co que prevé o artigo 8º, unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo desta orde, que irá acompañada dos documentos especificados no punto 3 deste artigo.

En todo caso, deberá presentarse unha única solicitude por beneficiario, que deberá comprender a totalidade das autorizacións e copias para as cales pretenda obter as axudas reguladas nesta orde; por cada copia só poderá optar á axuda pola adopción dunha das medidas previstas no número 3 do artigo 1º desta orde.

No caso de que un mesmo titular presente varias solicitudes válidas, só se lle dará trámite á última que presentase por rexistro dentro de prazo.

2. A solicitude incorporará unha declaración responsable referente aos seguintes aspectos:

a) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

b) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

c) Compromiso de achegar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta administración considere oportunas.

d) Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Conxunto de axudas de estado cualificadas como *de minimis* recibidas pola empresa, se é o caso, nos dous últimos exercicios fiscais e máis no correspondente ao momento da solicitude.

f) Conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma medida que a indicada na solicitude, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

g) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

3. Xunto coa solicitude impresa achegarase a seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia cotexada:

a) Documento nacional de identidade (DNI) do asinante da solicitude, no suposto de que non marque a autorización prevista no artigo 9º.6.

b) No caso de que a persoa que asina en representación dunha empresa non sexa aquela que figura como capacitada ante a administración, deberase presentar, ademais, o poder que acredite a súa habilitación para actuar como representante.

c) Identificación da autorización ou autorizacións de transporte público e da copia ou copias para as cales solicita a axuda. Esta identificación farase mediante a cobertura do formulario de solicitude.

d) Certificación bancaria orixinal do número de conta, de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia.

e) Documentación xustificativa da condición ou condicións, de entre as contidas no artigo 1º.3 desta orde, que cumpre o solicitante. En concreto, para cada unha desas condicións consideraranse como xustificacións válidas as especificadas no artigo seguinte.

#### Artigo 7º.-*Documentación xustificativa.*

Para cada un dos motivos subvencionables especificados no artigo 1º.3 consideraranse como documentación xustificativa válida, respectivamente, a seguinte:

1. Adquisición de ordenadores e demais material informático para implantar a sinatura dixital (artigo 1º.3 a): factura expedida entre o 19 de setembro de 2009 e o día de presentación da solicitude e xustificante do seu pagamento. Así mesmo, deberá achegarse o xustificante da activación da sinatura dixital perante o departamento CERES da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

2. Sistemas de xestión de calidade ou ambientais (artigo 1º.3 b): certificado ou certificados de cumprimento das normas ISO, UNE 13816 ou EMAS.

Porén, no caso de que o solicitante xa recibise a subvención por este mesmo concepto consonte a Orde do 27 de xullo de 2009 (DOG nº 160, do 17 de agosto), ademais do certificado en vigor deberán achegarse as facturas xustificativas dos gastos en que se incorreu co organismo de certificación, correspondentes aos custos de renovación e seguimento anual da certificación, así como o xustificante do seu pagamento. Estas facturas deberán ter, en todo caso, data do 19 de setembro de 2009 ou posterior.

3. Manual do condutor (artigo 1º.3 c): o manual do condutor, que deberá estar individualizado co nome e apelidos do transportista autónomo, personalizado para a actividade que realice e asinado por el.

No caso de que o interesado, acolléndose a este motivo, solicite a axuda para dúas ou tres copias, deberá presentar, ademais, copia do documento TC2 da Seguridade Social que acredite que ten dados de alta na súa empresa un número de condutores igual ou superior ao de tarxetas para as cales pida a axuda, así como os xustificantes de entrega do manual do condutor a eses traballadores, coa sinatura destes. No suposto de que os condutores (en número igual ou superior ao das tarxetas para as cales se pida axuda) presten os seus servizos ao solicitante en réxime de autónomo ou de autónomo colaborador, deberá achegarse coa solicitude o último recibo acreditativo do pagamento das cotas de Seguridade Social de traballadores autónomos e unha declaración responsable, debidamente asinada, de que os condutores prestan servizos para o solicitante das axudas en réxime de autónomo ou de autónomo colaborador.

4. Adaptación á normativa EURO4 (artigo 1º.3 d): fichas técnicas e permisos de circulación dos vehículos, en que se acredite que a data da súa primeira matriculación foi posterior ao 1 de xaneiro de 2006 (incluído).

No caso de vehículos matriculados con anterioridade a esa data, o cumprimento da normativa EURO4 ou posterior acreditarase presentando, ade-



mais das fichas técnicas e o permiso de circulación, un certificado orixinal da empresa construtora do vehículo en que así se faga constar. Para estes efectos, non se admitirán os certificados de empresas carroceiras ou similares.

5. Control de frotas (artigo 1º.3 e): factura de compra dos sistemas de control de frotas e localización por satélite GPS-GPRS, así como a xustificante do seu pagamento. Xunto coa factura achegárase, ademais, un documento explicativo do modo de funcionamento e do estado de operatividade destes sistemas, que terá unha extensión de entre 5 e 15 folios.

6. Sistemas de prevención de riscos laborais (artigo 1º.3 f): deberase presentar un dos seguintes documentos: planificación da actividade preventiva, informe de avaliación de riscos laborais ou memoria das actividades desenvolvidas. En todo caso, o documento presentado deberá estar debidamente asinado por un técnico do servizo de prevención ou, de ser o caso, por un traballador designado pola empresa para desenvolver os labores de prevención.

Para aquelas empresas en que o propio empresario teña asumido a actividade preventiva, o documento irá asinado por este e deberá presentarse, ademais, copia do documento TC2 da Seguridade Social que acredite que ten datos de alta na súa empresa un número de traballadores inferior a seis.

A documentación indicada deberá referirse aos anos 2009 e/ou 2010 e, no caso de que o solicitante xa recibise a subvención por este mesmo concepto consonte a Orde do 27 de xullo de 2009 (DOG nº 160, do 17 de agosto), deberá estar debidamente actualizada e ter data do 19 de setembro de 2009 ou posterior.

7. Introducción de cintos de seguranza en todos os asentos (artigo 1º.3 g): autorización de reforma de importancia xeneralizada en automóbiles, expedida pola Consellería de Economía e Industria, factura detallada da modificación efectuada xunto co xustificante do seu pagamento, e permiso de circulación e ficha técnica do vehículo en que conste a modificación realizada.

8. Adaptación do vehículo para o seu uso por persoas con mobilidade reducida (artigo 1º.3 h): autorización de reforma de importancia xeneralizada en automóbiles, expedida pola Consellería de Economía e Industria, factura detallada da modificación efectuada xunto co xustificante do seu pagamento, e permiso de circulación e ficha técnica do vehículo en que conste a modificación realizada.

Artigo 8º.-*Lugar, forma e prazo de presentación das solicitudes.*

1. Os que desexen optar ás axudas previstas nesta orde deberán completar a solicitude en liña, axusta-

da ao modelo normalizado que se inclúe como anexo desta orde.

O formulario da solicitude de axuda cubrirano e obtéranos necesariamente os solicitantes a través da aplicación informática inserida na páxina oficial da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sita no enderezo da internet: <http://www.cmati.xunta.es/sutran>. Nesa web dispórase tamén de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes; non obstante, en caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención do formulario, poderán pórse en contacto coa Administración a través dos medios previstos no artigo 19º desta orde.

O formulario poderase cubrir e obter ata as 24 horas do día da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do deber de presentación indicado no número 2 deste artigo, que terá que se efectuar, en todo caso, dentro dese mesmo prazo.

O anexo desta convocatoria publícase no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para os efectos informativos, e será necesario empregar a aplicación informática indicada para obter o formulario da solicitude. As solicitudes que non cumpran o aquí indicado non serán admitidas a trámite.

2. Unha vez completada a solicitude en liña, e sempre antes de que remate o prazo establecido no número 3 deste artigo, presentarán esa mesma solicitude impresa e debidamente asinada, así como a documentación requirida no artigo 6º.3º, preferentemente no rexistro do Servizo de Mobilidade do Departamento Territorial da CMATI que corresponda, sitos nos seguintes enderezos:

a) A Coruña: Alcalde Pérez Ardá, 4, 15008 A Coruña.

b) Lugo: rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

c) Ourense: José Ángel Valente Docasar, 2 baixo, 32003 Ourense.

d) Pontevedra: Fernández Ladreda, 43-1º, 36003 Pontevedra.

Así mesmo, a solicitude impresa, acompañada da documentación correspondente, poderá presentarse por calquera dos medios previstos para a presentación de instancias no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se a solicitude se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de proceder á súa certificación.

3. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación desta orde no

*Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 16 de xullo de 2010, incluído.

*Artigo 9º.-Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do réxime contido nesta orde.

2. De conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se da consulta telemática ou do certificado presentado polo interesado resulta que este non figura inscrito como empresario no sistema da Seguridade Social, deberá presentar a documentación expedida por esa entidade que acredite que a devandita empresa non ten a obriga legal de estar de alta no sistema da Seguridade Social ou, na súa falta, declaración responsable, debidamente asinada, de que a empresa non ten traballadores asalariados por conta allea e que, polo tanto, non ten a obriga de estar de alta no sistema da Seguridade Social.

3. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás solicitudes dos interesados xuntaránselle os documentos e as informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estiveren en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a xustificación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e

convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar salvo nos supostos legalmente establecidos. Todo isto farase consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas particularidades previstas nas leis.

6. De acordo co previsto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve aquel, os representantes das entidades solicitantes poderán facer constar no formulario o seu consentimento expreso para que a administración verifique de xeito telemático os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

*Artigo 10º.-Órganos competentes.*

1. Delégase no director xeral de Mobilidade o exercicio das competencias para resolver os procedementos de concesión, aprobación do gasto e demais actuacións necesarias para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.

2. A Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte será o órgano competente para instruír o procedemento de concesión das subvencións, e correspóndelle como tal o exercicio das facultades previstas no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 11º.-Instrución dos procedementos.*

1. O órgano instrutor será o encargado de verificar o cumprimento das condicións exixidas nesta orde ou na normativa de aplicación para ser beneficiario das axudas. Para tal fin, analizará as solicitudes presentadas e a documentación que as acompañe, e comprobará a existencia e titularidade das autorizacións e copias identificadas na solicitude, así como a concorrencia do resto de requisitos.

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta orde requirírase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirírselle ao solicitante que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

#### Artigo 12º.-*Proposta de resolución.*

1. Os expedientes que non cumpran os requisitos exixidos nesta orde ou na demais normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

2. En relación con aquelas solicitudes que estean completas e cumpran coas condicións exixidas, o órgano instructor elaborará un informe en que consten esas circunstancias, que servirá como proposta de resolución.

#### Artigo 13º.-*Resolución e notificación.*

1. O director xeral, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona, así como a subvención, concedida e a súa contía ou, se for o caso, a causa de denegación.

No caso de que, atendendo ás solicitudes formuladas, resulte acreditada a suficiencia do crédito dispoñible, o órgano instructor poderá elevar propostas parciais de resolución, e procederase a resolver sucesivamente as distintas solicitudes formuladas por orde cronolóxica de conclusión dos correspondentes expedientes administrativos.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se for o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

2. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrer este prazo sen que se dite resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. As resolucións notificaranse de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxi-

me xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para estes efectos, o interesado poderá manifestar na solicitude de subvención o seu consentimento para que a notificación se realice a través de fax, da páxina web da consellería ou, se for o caso, por medios electrónicos, indicando, neste último suposto, o seu enderezo electrónico.

Alén do anterior, as axudas concedidas ao abeiro desta orde publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* dentro do mes seguinte á súa concesión, e poderase consultar, así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na parte de Mobilidade.

#### Artigo 14º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 15º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director xeral de Mobilidade logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia ao interesado.

#### Artigo 16º.-*Obrigas e pagamento.*

1. Os beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde asumen as obrigas recollidas con carácter

xeral na normativa de subvencións e, especificamente, as seguintes:

a) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

c) Obriga de comunicar ao órgano concedente todas as axudas solicitadas e as concedidas para a execución do mesmo investimento que aquel dos previstos nesta orde para o que se solicite e outorgue a axuda.

d) Obriga de manter o investimento durante un período mínimo de cinco anos, consonte o establecido no artigo 29.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Unha vez notificada a resolución de outorgamento da subvención procederase ao seu aboamento, que se fará nun só acto, mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na solicitude.

#### Artigo 17º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase un procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18º.-*Control.*

1. A Dirección Xeral de Mobilidade poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das subvencións que se concedan.

2. Alén do anterior, as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na

lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### Artigo 19º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información adicional na Dirección Xeral de Mobilidade, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

([www.cmati.xunta.es](http://www.cmati.xunta.es))

b) Os teléfonos dos Servizos de Mobilidade dos Departamentos Territoriais da CMATI: 881 88 10 03; 982 29 44 21; 988 68 73 06; 886 20 60 02.

c) O enderezo electrónico: [mobilidade@xunta.es](mailto:mobilidade@xunta.es)

#### Artigo 20º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non regulado nesta orde estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

#### *Disposicións adicionais*

##### *Primeira.-Autorizacións de ámbito autonómico.*

As autorizacións de ámbito autonómico expedidas pola Xunta de Galicia asimílanse, para os efectos desta orde, ás copias de autorizacións da clase MDL.

##### *Segunda.-Troca de autorizacións.*

No suposto de que, malia o establecido na Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, modificada pola Orde FOM/2185/2008, do 23 de xullo, non se tiver producido a troca da tarxeta nos termos regulados na norma, para os efectos desta orde, as autorizacións serán consideradas como copias.

#### *Disposicións derradeiras*

##### *Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Mobilidade para que dite as resolucións que sexan precisas para desenvolver e aplicar esta orde.

##### *Segunda.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 Dirección Xeral de Mobilidade

**ANEXO**

 Praza de Europa 5A, 2º andar  
 Área Central - As Fontiñas  
 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS TITULARES DE AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA PARA O FOMENTO DAS CONDICIÓNS DE SEGURANZA E DA INCORPORACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS E MELLORAS AMBIENTAIS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT316A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

NOME COMPLETO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO (PARA O EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS)		LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> En nome propio <input type="checkbox"/> En representación da empresa:			CIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO FISCAL		PROVINCIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE	SUCURSAL	ENDEREZO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- 1.-Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, e asume as obrigas e compromisos que nela se establecen.
- 2.-Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
- 3.-Que se compromete a achegar a documentación complementaria que se poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas.
- 4.-Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5.-Que nos dous últimos exercicios fiscais e mais o actual, o solicitante recibiu axudas de Estado cualificadas como *de minimis* por importe de  €.
- 6.-Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma medida que a indicada nesta solicitude, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, alcanza o importe de  €.
7. Que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

**SOLICITA:**

Que se lle conceda a axuda prevista pola Dirección Xeral de Mobilidade para o fomento das condicións de seguridade e da incorporación de novas tecnoloxías e melloras ambientais.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Mobilidade

Praza de Europa 5A, 2º andar  
Área Central - As Fontiñas  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**IDENTIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN OU AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE PÚBLICO PARA AS QUE SE SOLICITA A AXUDA**

**Autorización do tipo VD para a que se pide a axuda, e da que é titular o solicitante**

CLASE	NÚMERO DE AUTORIZACIÓN	NÚMERO DE COPIAS
VD	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Identificación das autorizacións da clase VD:**

COPIA	MATRÍCULA	MOTIVO SUBVENCIONABLE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Autorizacións do tipo MDP ou MDL para as que se pide a axuda, e das cales é titular o solicitante**

CLASE	NÚMERO DE AUTORIZACIÓN	NÚMERO DE COPIAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Identificación das autorizacións do tipo MDP/MDL:**

COPIA	MATRÍCULA	MOTIVO SUBVENCIONABLE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Mobilidade

Praza de Europa 5A, 2º andar  
Área Central - As Fontiñas  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (orixinal ou fotocopia compulsada):**

- DNI da persoa que asina a solicitude no caso de non autorizar á consellería a consulta telemática.
- Poder que habilite o asinante para actuar en nome da empresa (*só necesario en caso de que o asinante sexa unha persoa distinta a aquela que figura como capacitada ante a Administración*).
- Certificación bancaria orixinal do número de conta.
- Documentación acreditativa de que a empresa non ten a obriga legal de estar de alta no sistema da Seguridade Social ou declaración responsable de que a empresa non ten traballadores asalariados por conta allea e que, polo tanto, non ten a obriga de estar de alta no sistema da Seguridade Social (*só necesario no caso de que a empresa non figure inscrito no sistema da Seguridade Social*).

**DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO MOTIVO OU MOTIVOS POLOS QUE SE PIDE A SUBVENCIÓN:**

- Documentación xustificativa da adquisición de material informático:
  - Factura (s) expedida (s) entre o 19 de setembro de 2009 e o día de presentación da solicitude.
  - Xustificante do pagamento da factura.
  - Xustificante da activación da sinatura dixital.
- Documentación xustificativa da implantación de sistemas de calidade ou ambientais:
  - Non recibiu axuda por este concepto consonte a Orde do 27-7-2009:
    - Certificado (s) da (s) norma (s) ISO, UNE 13816 ou EMAS.
  - Xa recibiu axuda por este concepto consonte a Orde do 27-7-2009:
    - Facturas xustificativas dos gastos de mantemento e seguimento da certificación (do 19 de setembro ou posterior).
    - Xustificante do pagamento das facturas.
- Documentación xustificativa de dispor do manual do condutor:
  - Manual do condutor.
  - Documentos TC2 da Seguridade Social (*só necesarios en caso de pedir a axuda para dúas ou tres copias*).
  - Xustificantes de entrega do manual do condutor aos condutores (*só necesarios en caso de pedir a axuda para dúas ou tres copias*).
  - Recibo acreditativo do pagamento das cotas de Seguridade Social de traballadores autónomos (só no suposto de que teña traballadores prestando os seus servizos en réxime de autónomo ou de autónomo colaborador).
  - Declaración responsable, debidamente asinada, de prestación de servizos (só no suposto de que teña traballadores prestando os seus servizos en réxime de autónomo ou de autónomo colaborador).
- Documentación xustificativa da adaptación á normativa Euro4:
  - Ficha (s) técnica (s) do (s) vehículo (s) adaptado (s).
  - Permiso (s) de circulación do (s) vehículo (s) adaptado (s).
  - Certificado (s) da (s) empresa (s) construtora (s) (*só necesario no caso de que a data de matriculación sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2006*).
- Documentación xustificativa da disposición dun sistema de control de frota:
  - Factura de compra do sistema.
  - Xustificante do pagamento da factura.
  - Documento explicativo do modo de funcionamento e estado de operatividade do sistema (5-15 folios).
- Documentación xustificativa da implantación dun sistema de prevención de riscos laborais (*se xa recibiu axuda por este concepto consonte a Orde do 27-7-2009, a documentación deberá ter data 19 de setembro ou posterior*):
  - Planificación da actividade preventiva, informe de avaliación ou memoria de actividades desenvolvidas (*só necesario un dos tres*).
  - Documento TC2 da Seguridade Social (*só necesaria no caso de que o propio empresario teña asumida a actividade preventiva*).
- Documentación xustificativa da introdución de cintos de seguridade nos asentos:
  - Autorización de reforma de importancia en automóviles.
  - Factura da modificación efectuada.
  - Xustificante do pagamento da factura.
  - Ficha técnica do vehículo.
  - Permiso de circulación.
- Documentación xustificativa da adaptación do vehículo para o seu uso por persoas con mobilidade reducida:
  - Autorización de reforma de importancia en automóviles.
  - Factura da modificación efectuada.
  - Xustificante do pagamento da factura.
  - Ficha técnica do vehículo.
  - Permiso de circulación.

OUTRA DOCUMENTACIÓN:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Mobilidade

Praza de Europa 5A, 2º andar  
Área Central - As Fontiñas  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI  NON (neste caso deberá presentar fotocopia cotexada do DNI).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

*Orde do 4 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións a persoas físicas e xurídicas titulares de autorizacións de transporte público por estrada para o fomento das condicións de seguranza e da incorporación de novas tecnoloxías e melloras ambientais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de 2010

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE
DATA DE ENTRADA
DATA DE EFECTOS
DATA DE SAÍDA

Dirección Xeral de Mobilidade.

Praza de Europa 5 A, 2º andar. Área Central-As Fontiñas 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

*Corrección de erros.-Orde do 12 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades operadoras de axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT983J).*

Advertido erro na dita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 95, do venres 21 de maio de 2010, procede realizar a seguinte corrección:

Na páxina 9.041, artigo 1, punto 4, letra A), cuarto parágrafo, onde di: «Os produtos que desexen acollerse a esta liña deben configurar paquetes turísticos que inclúan necesariamente aloxamento,

manutención e polo menos un servizo complementario por cada xornada de estadía. No caso de produtos dirixidos ao mercado internacional de fóra da Península Ibérica o paquete deberá incluír tamén o transporte»; debe dicir: «Os produtos que desexen acollerse a esta liña deben configurar paquetes turísticos que inclúan necesariamente aloxamento, manutención e polo menos dous servizos complementarios por cada xornada de estadía. No caso de produtos dirixidos ao mercado internacional de fóra da Península Ibérica, o paquete deberá incluír tamén o transporte».

Na páxina 9.041, artigo 1, punto 4, apartado A), quinto parágrafo, segundo guión, onde di: «-Os gastos de deseño e maquetación de folletos, catálogos, orixinais de publicidade ou calquera outro material promocional»; debe dicir: «Os gastos de deseño e maquetación de folletos, catálogos, orixinais de